



## **CIRCULAR 21-2019.**

### **LXXXV CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS MASCULINO. LIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO, SUB23 E SUB20 DE CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS FEMININO.**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo e o Concello de As Pontes organizan o LXXXIV Campionato de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 de campo a través individual e por equipos masculino e o LII Campionato de Galicia Absoluto, Sub23 e Sub20 individual e por equipos feminino o 9 de febreiro en Narón (Parque Marítimo de Xuvia).

**Art.2).**- Para o Campionato, a título individual, realizaranse as seguintes clasificacións: Absoluta (1997 e anteriores), sub23 (1998, 1999 e 2000) e sub20 (2001 e 2002) tanto en homes coma mulleres. E para a clasificación por equipos utilizaranse as seguintes categorías: Sénior (1997 e anteriores) Sub23 (1998, 1999 e 2000) e Sub20 (2001 e 2002) tanto en homes coma mulleres.

**Art.3).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os atletas estranxeiros de sub20 en diante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.*

**Art.4).**- Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías, e unha clasificación absoluta a nivel individual. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo, agás das categorías Sub20 e Sub23 feminino que será de 3. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo.



**Art.5).-** A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos/as atletas que compoñen os equipos con exclusión dos que non teñan polo menos a 4 atletas na saída, agás na categoría sub20 e sub23 feminina que será de 3 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos/as atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados/as de cada equipo, agás en categoría Sub20 e Sub23 feminina que será de 3 atletas. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
5. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto/a (terceiro/a en Sub20 e Sub23 mulleres), teña finalizado máis preto do gañador/a da proba.
6. Os atletas Sub23 en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos senior.

\*Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós/às atletas estranxeiros/as e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída.

**Art.6).-** Realizarase unha clasificación individual absoluta e das categorías sub20 e sub23, e unha clasificación por equipos.

**Art.7).-** Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

<b>HORA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>SEXO</b>	<b>DISTANCIA</b>
10:30	Sub20	Mulleres	5.500 m.
11:05	Sub20	Homes	5.500 m.
11:35	Senior-sub23 (*)	Mulleres	10.000 m.
12:35	Senior-sub23 (*)	Homes	10.000 m. .

*(\*) Os/as atletas máster poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

**Art.8).-** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

**Art.9).-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 29 de xaneiro ás 20:00 horas. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.



**Art.10).**- A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

**Art.11).**- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, apertura 25 minutos antes e peche 15 minutos antes, da saída de cada proba (o horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función dos atletas inscritos). Os atletas saíran a zona de saída ca roupa de competición.

**Art.12).**- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas clasificados/a a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías.

**Art.13).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.14).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.15).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 24 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**